



OURENSE (/OURENSE)

Pastoreo en zonas queimadas: carta á conselleira



SANTI M. AMIL



SERAFÍN GONZÁLEZ
11/03/2018 05:00 H

Como xa manifestamos en 2012, cando como agora se plantexou un permiso excepcional para o pastoreo en terreos queimados, a Sociedade Galega de Historia Natural (SGHN) ve con grande inqueda as novas de prensa destes días en varios medios de comunicación co título «La Xunta permitirá pastorear en zonas quemadas en los incendios».

Antes de nada, SGHN considera preciso deixar ben claro que a gandería extensiva ou semiextensiva, sostible e respectuosa co medio, é tan necesaria para a viabilidade e o futuro demográfico e socioeconómico do medio rural galego, como imprescindible para a conservación da paisaxe tradicional e a biodiversidade en Galicia. Ao suplir aos grandes herbívoros salvaxes que temos decimado ou extinguido, o gando en réxime extensivo ou semiextensivo controla o crecemento da biomasa vexetal (mal chamada combustible), contribúe a conservar un mosaico de hábitats, xera postos de traballo estruturais, axuda a manter a poboación rural e produce alimentos. Así o entende SGHN, que colabora activamente con catro gandeiros en extensivo, que non empregan o lume, noutros tantos concellos de Ourense, a provincia de España máis castigada polos incendios.

Pero non se pode esquecer que os datos de investigadores, forzas de seguridade, fiscalía e Ministerio coinciden en que 9 de cada 10 lumes en Galicia son provocados e que 2 de cada 3 con causas coñecidas están relacionados co sector agrogandeiro. Para evitar calquera equívoco ou terxiversación malintencionada, cómpre deixar ben claro que estes datos non queren dicir que 9 de cada 10 galegos sexan incendiarios, nin tampouco que o sexan 2 de cada 3 agricultores ou gandeiros.

Xa que logo, no presente caso tan grande sería o erro de criminalizar como incendiarios a todos os gandeiros, como o de dar barra libre para o pastoreo en todas as zonas queimadas, admitindo unha excepcionalidade que non é tal.

Rememorando a vaga de lumes de 2012, é oportuno lembrar a intervención da popular Emma Álvarez Chao na Comisión do Parlamento de Galicia sobre a situación do Macizo Central ourensá, pero que é extrapolable a moitas áreas da nosa xeografía: «Esta situación que se dá no Macizo Central ourensán non é nova nin provocada polos incendios de outubro, como se quere facer ver, senón que se vén arrastrando dende fai anos, polo tanto, non é unha situación excepcional, senón que é sistemática, polo que ao xuízo deste grupo, non procedería outorgar a excepcionalidade... para permitir o pastoreo nas zonas queimadas. Non se teñen acreditadas perdas de difícil reparación nin inexistencia de alternativas dentro da mesma comarca, dende a data dos incendios séguese pastoreando xa que existen moitas áreas non afectadas, e de ser o caso poden negociarse novas áreas de pastoreo cos propietarios dos terreos».

Falando como estamos de gandería e cun símil moi acaído, cumpre separar as churras das merinas e as ovellas negras das que non o son, e así outorgar axudas (e excepcións se fixeran falla) aos gandeiros respectuosos, sen caer nun perverso «café para todos». De non facelo, corremos o risco de comezar un círculo vicioso de máis lumes-máis axudas e menos limitacións-máis lumes que viría a potenciar a economía do lume impulsada hai trinta anos coa dinámica de máis lumes-máis gastos en extinción-máis lumes. De feito nestes momentos, moitas das parroquias de maior incidencia incendiaria reciben máis cartos e son obxecto de máis intervencións que as que non os sufren, o cal é cando menos inxusto e contraproducente.

Estamos aínda a tempo de evitar que a espiral do lume medre aínda máis: hai que actuar con coñecemento da realidade, sentido común e visión de futuro, xusto o contrario de dar barra libre ao pastoreo nas zonas queimadas.

Serafin González é presidente da SGHN